

BLOQUE 3. SÉCULO XIX

TEMA 12. AS CORTES DE CÁDIZ E A CONSTITUCIÓN DE 1812

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá facer referencia ao **contexto da guerra de Independencia**; ás razóns para a convocatoria de **Cortes en Cádiz**; explicar o seu labor lexislativo, así como as tendencias políticas dos deputados; indicar as dificultades atopadas para o establecemento do réxime liberal e demostrar que coñece o novo modelo político e social deseñado pola **Constitución de 1812**.

A pasividade das autoridades establecidas ante as **abdicacións de Baiona** e a invasión das tropas francesas provocou que as elites dominantes, co apoio do pobo, creasen novas institucións de goberno -as **xuntas**- que se encargaron non só da loita contra os franceses senón de propugnar medidas para reformar o sistema político vixente.

A FORMACIÓN DAS XUNTAS DE GOBERNO

En maio e **xuño de 1808**, numerosas vilas e cidades formaron **Xuntas de Goberno**. De composición moi variada e, en moitos casos, controladas polos grupos dominantes tradicionais, estas xuntas representaron unha ruptura coa orde política ata entón vixente e unha nova concepción do poder que podemos considerar revolucionaria. Fundamentando a súa lexitimidade na vontade popular e colectiva de defensa do país, as xuntas asumiron o poder supremo e a soberanía na súa xurisdición, substituíron ou incorporaron as institucións e as autoridades tradicionais e declararon a guerra a **Francia**. En cada poboación xurdiu unha **xunta local** e todas elas e estiveron baixo a autoridade dun número reducido de **xuntas supremas provinciais**.

En **Gallcia**, a sublevación contra os franceses iniciouse na cidade de Coruña o 30 de maio. Os sublevados formaron a **Xunta Suprema do Reino**, da que formaba parte o **Capitán Xeneral** e representantes das sete cidades cabeza das tradicionais provincias galegas. Esta **Xunta Suprema** asumiu a soberanía, organizou a defensa e coordinou o labor das **xuntas locais** que se crearon nas diferentes cidades e vilas galegas.

Para maior coordinación, as xuntas provinciais formaron a **Xunta Suprema Central Governativa e España e Indias** que exerceu o goberno de España desde setembro de 1808. A partir de xaneiro de 1810 foi substituída polo **Supremo Consello de Rexencia**.

AS CORTES DE CÁDIZ E A ABOLICIÓN DO ANTIGO RÉXIME

Durante a guerra, entre as elites dirixentes foise estendendo a idea da necesidade de convocar unhas **Cortes xerais e extraordinarias** para coñecer a vontade do país e impoñer as reformas que fosen necesarias, aínda que existían fortes discrepancias sobre as medidas a tomar. Para uns (**a maioría dos nobres e eclesiásticos**) tratábase de restablecer o sistema político tradicional do poder absoluto do rei auxiliado polas Cortes estamentais; para outros (**os partidarios do liberalismo**) era necesario restrinxir o poder real e establecer unha **Constitución** baseada na soberanía da nación e na separación de poderes.

Tras realizar unha consulta ao país para coñecer os problemas e as medidas sobre as que debían deliberar, e dun proceso electoral moi complexo, as **Cortes** reuníronse en **Cádiz o 24 de setembro de 1810**. En liñas xerais, predominaron os deputados das clases medias urbanas e instruídas e non asistiu ningún artesán nin campesiño. En canto ás **tendencias ideolóxicas**, pódense agrupar en dúas predominantes e antagónicas: os partidarios da liberdade e das reformas radicais -**liberais**- e os que se opoñían a eles, partidarios do mantemento da soberanía real -**realistas, absolutistas**- (ou servís, de servil, forma pexorativa empregada polos seus contrarios).

As **Cortes de Cádiz** realizaron un intenso labor lexislativo. Ademais da Constitución, promulgada en 1812, elaboraron numerosos decretos polos que se eliminaban as estruturas e os fundamentos xurídicos do **Antigo Réxime** e se establecía un novo modelo político, administrativo, social e económico inspirado nos principios ideolóxicos do liberalismo. Entre estes decretos destacan:

- **A proclamación da soberanía nacional e a separación de poderes (1810)**. Foi a primeira medida que tomaron os deputados de Cádiz, establecendo unha nova lexitimidade política: fronte á soberanía real de orixe divino, proclamaron a soberanía nacional, soberanía que residía nas Cortes porque elas representaban a nación española; fronte ao poder absoluto defenderon a separación de poderes.
- **A abolición dos señores xurisdiccionais e dos privilexios de orixe feudal (1811)**. A xustiza, que ata entón estaba en man da nobreza e da igrexa, pasou ao Estado. O decreto distinguía entre os señoríos xurisdiccionais, que quedaban anulados, e os territoriais, que eran recoñecidos como propiedade privada.

Así mesmo, as **Cortes de Cádiz** decretaron, entre outras, as seguintes **medidas**:

- A liberdade de **imprensa** sen censura previa (1810).
- A regulamentación do **poder executivo**, incluíndo a responsabilidade dos ministros (1811).
- A formación dos **Concellos** constitucionais e das **Deputacións provinciais** (1812).
- A creación do **Tribunal Supremo de Xustiza**, a reforma das **Audiencias** e a creación dos **partidos xudiciais** (1812).
- A supresión do **Tribunal da Inquisición** (1813).

O conxunto dos decretos e reformas das **Cortes de Cádiz** aboliron legalmente o Antigo Réxime, polo que son consideradas como revolucionarias. Pero as masas populares, que constituían a maioría da poboación, viron esas reformas como estrañas e deron crédito ás prédicas dos eclesiásticos, que as presentaban como atentatorias contra a relixión e os costumes tradicionais.

A CONSTITUCIÓN DE 1812

Coñecida popularmente como **A Pepa** porque foi aprobada o 19 de marzo de 1812 (aniversario do recoñecemento como rei de Fernando VII), a Constitución recollía o espírito e as ideas liberais que establecían un novo modelo político baseado na:

- **Soberanía da nación**, entendida, neste caso, como soberanía popular. O pobo é o posuidor do poder, poder que exerce por delegación nos seus representantes eleixidos mediante **sufrexio universal masculino indirecto** tanto para a elección dos deputados a Cortes como dos alcaldes e rexedores dos concellos.
- **Monarquía** como forma de goberno, pero na que o poder do rei estaba limitado ás funcións que establecía a Constitución.
- **Separación de poderes**:
 - a) Poder executivo exercido polo monarca que é, ao mesmo tempo, xefe de Estado e de goberno.
 - b) Poder lexislativo exercido polas Cortes e o monarca. As leis son elaboradas polas Cortes, pero para que sexan efectivas teñen que ser sancionadas e promulgadas polo monarca, que tamén dispón de veto suspensivo. As Cortes están formadas por unha soa cámara, e teñen preeminencia sobre o monarca.
 - c) Poder xudicial exercido polos tribunais de xustiza.

- **Defensa dos dereitos e liberdades dos individuos** considerados como cidadáns. Espallados ao longo de toda a Constitución aparecen recollidos: o recoñecemento da liberdade, especialmente a de opinión e imprenta; a igualdade de todos ante a lei e ante as cargas do Estado sexan estas fiscais (pago proporcional á riqueza) ou militares (servizo militar obrigatorio); recoñecemento da propiedade privada individual como un dereito básico garantido polo Estado. Para asegurar a orde pública e a defensa das liberdades e da Constitución creábanse as Milicias Nacionais.

- **Unitarismo e centralismo político.** Fronte á diversidade lexislativa e administrativa do Antigo Réxime, impónse unha única lexislación que eliminaban os particularismos dos antigos reinos e privilexios forais.

- **Catolicismo de Estado**, delcarando a relixión católica como oficial e única autorizada.

En síntese: trátase dunha Constitución revolucionaria, por canto alteraba as bases políticas e sociais e tiña como obxectivo abolir o absolutismo monárquico establecendo un réxime baseado na separación de poderes que substituíra a soberanía real pola dos cidadáns. Porén, facía concesións ao tradicionalismo, como a ausencia dunha declaración de dereitos ordenada e sistemática e a intolerancia relixiosa que establecía o Estado confesional católico.